

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Nomeamento do tribunal cualificador **_APROL RURAL 2025**

ANTECEDENTES

O día 27/05/2025, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 611/2025, aprobei as bases que han de rexer o proceso selectivo para a contratación do persoal (3 peóns-peoas forestais) incluído no programa APROL RURAL 2025.

O día 27/05/2025 presentouse a Oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, na súa oficina de Boiro.

Os días 28/05/2025 e 29/05/2025, recibimos as listaxes de persoas aspirantes para o proceso; o día 09/06/2025 recibimos un informe da mesma oficina no que se indicaba que unha das persoas aspirantes non cumpría os requisitos para a súa participación no proceso. A listaxe final está conformada por 15 persoas.

O persoal do Servizo de Persoal e Emprego avisou a todas as persoas indicadas na listaxe de aspirantes recibida do Servizo Público de Emprego de Galicia para que pasaran a recoller a documentación e información sobre o proceso; así, consta no expediente o cadro xustificante da entrega de toda a información relativa ao proceso: bases, cronograma e Anexo II (que debían xuntar á solicitude de presentación da documentación).

Tamén consta o informe da AEDL sobre as chamadas realizadas ás persoas aspirantes que non recolleron a información nin presentaron a documentación.

FUNDAMENTACIÓN

É necesario nomear o tribunal cualificador que se vai encargar deste proceso de selección.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Designar o tribunal cualificador do proceso:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, persoal laboral do Concello de Rianxo (V)

Suplente: José Manuel Tubio Freire, persoal laboral do Concello de Rianxo (V)

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 744.890 exp. 2025/E001/000003

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, funcionaria municipal do Concello de Rianxo (C2)

Suplente: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria municipal Concello de Rianxo (A1)

1º vocal: Mª José Fungueiriño Tubío, persoal laboral do Concello de Rianxo (I)

Suplente: Carlos Ces Ozores, persoal laboral do Concello de Rianxo (I)

2º vocal: Enrique M. López González, persoal laboral do Concello de Rianxo (II)

Suplente: José Manuel Moares Domínguez, persoal laboral do Concello de Rianxo (V)

3º vocal: Laura Romero Comojo, persoal laboral do Concello de Rianxo (III)

Suplente: Eva Mª Tubio Ordóñez, persoal laboral do Concello de Rianxo (III)

SEGUNDO

Establecer a data, lugar e hora para a realización das probas correspondentes a este proceso:

Proba Escrita:

DÍA: 16/06/2025

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Centro socio-cultural Auditorio de Rianxo

Proba De Galego:

“Só para aquelas persoas aspirantes que superen as probas anteriores e non estean en posesión do Celga 2”; co obxecto de axilizar o proceso, esta proba realizárase a continuación da proba escrita (tipo test) antes indicada para aquelas persoas que non estean exentas da súa realización.

Proba Práctica:

Só para aquelas persoas aspirantes que superen as probas anteriores

DÍA: 16/06/2025

HORA: 11:00 horas

LUGAR: Centro socio-cultural Auditorio de Rianxo

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).